

Nos vinte anos do seu aniversario, esta mostra expositiva quere volver sobre a memoria, a creatividade e as protestas que acompañaron o afundimento do Prestige para reflexionar sobre a necesidade hoxe de seguir xuntando a defensa da democracia e da ecoloxía.

A partir do Arquivo Vivo da Asociación Unha Gran Burla Negra, que leva acompañando os legados do *Nunca Máis* dende o ano 2017, e grazas unha rede extensa de artistas, investigadoras, activistas e compañeiras, este proxecto colectivo busca abrir preguntas incómodas, imaxinar mundos e partillar loitas.

A mostra quere dignificar a desbordante creatividade popular do *Nunca Máis*, dunha arte que non foi tomada en serio como tal, porque estaba vestida de materias precarios, papel, cartón, pinturas, *piche*, pedra, madeiras, materias de refugallo, plásticos e *pixels*. A forza material desas creacións aínda nos interpela. E, para iso, queremos aprender a miralas.

A exposición pretende así pensar a continuidade que xustamente o *Nunca Máis* afirmou entre estética e política, entre arte e documento, entre público e cidadanía, entre festa e protesta, entre tradición e creación, entre natureza e cultura.

As vellas estratexias da tradición popular baséanse na repetición, no volver a facer en grupo, para construír unha verdade histórica e documental. Aprender a facer *refacendo* é un modo de darse un lugar nunha tradición que non é só homenaxe, pero actualización. *Sempre Máis* non quere nostalxia nin celebración. Non quere dicir «contra Fraga protestabamos mellor». Quere resintonizar coas dunha Galicia creadora, dona dun relato propio de si e das afíns.

Ao tempo, ese *Sempre Máis* tamén nos advirte dos riscos dun porvir que se presenta sempre como catástrofe e dun capitalismo acelerado que nos reclama *sempre máis, máis* extracción de recursos, *máis* mobilización de afectos e subxectividades, *máis* consuncións. Respecto desas demandas sempre seremos *máis*, contra os poucos que se beneficiandun mundo concibido como permanente incremento de capital

*Sempre Máis* se interroga polas conexións entre a ecoloxía pensada como demanda política, a protesta vivida como obra de arte e a arte entendida dende os traballos da natureza.

A mostra organízase dende cinco eixos. Primeiro, analiza a construción dunha conciencia ecolóxica a partir da memoria das loitas veciñais e ambientais herdadas dende os anos setenta. Segundo, interrógase pola relación entre pacifismo e ecoloxía ante os desafíos propios do século XXI, no contexto global de esgotamento do petróleo. Terceiro, presenta as formas artísticas da protesta do Prestige a partir das tradicións populares galegas e, especialmente, da estética do entroido. Cuarto, estuda as formas de arte que xurdiron a partir do 2002 en relación coa observación e diálogo coa natureza. E, finalmente, defende a capacidade do *Nunca Máis* de traballar en rede e activar formas de imaxinación política útiles para o futuro.